

AS DÚAS INGLESA E O AMOR

1830

François Truffaut, 1971

ESTREA EN NUMAX: 22.09.2026 | V.O.S.E. | 125 min

No París de 1900, Claude Roc, un mozo francés de clase media, faise amigo de Anne Brown, unha moza inglesa. Ela invítalo a ir á súa casa de Gales, onde vive coa súa irmá Muriel. Unha vez alí, aínda que Claude se sente atraído por Anne, ela procura desviar a súa atención cara Muriel. Cando Claude e Muriel se decatan de que están namorados, a nai dela insiste en que para estar seguros do seus sentimentos, deben someterse a unha separación dun ano.

A sesión foi programada pola directora de fotografía Alicia Francés, que tamén ofrecerá presentación e coloquio do filme.

«Segue a impresionarme, é dun romanticismo que fai dano»

Carlos Boyero, EL MUNDO



Na busca dun espectador activo

Por Néstor Almendros

Sobre a disxuntiva branco e negro/cor, quero engadir unha cousa. Contrariamente ao que se pensaba, non é preciso iluminar en exceso para a cor; moi ao contrario, cómpre traballar cun sentido da realidade aínda maior. Dado que o branco e negro é totalmente irreal, a convención contra natura admítase máis facilmente. Un filme en cor, porén, soporta moi mal as iluminacións artificiosas e o traballo de iluminación debe ser máis coidadoso: cando se ven na pantalla cores moi chillonas, a culpa adoita tela unha iluminación excesiva. Ese aspecto abigarrado anóxame moito sobre todo nos filmes de época e Truffaut comparte as miñas preocupacións neste senso. Estas ideas xerais guiáronme no concepto e a preparación d’*As dúas inglesas e o amor*.

A achega dun bo director de fotografía debe comezar moito antes da rodaxe, na selección dos equipos, a localización de exteriores, o deseño de vestiario, etc. En Francia asumo boa parte do traballo que o director de fotografía fai en Estados Unidos. Ao pensar un filme penso xeralmente nun pintor e neste caso estudei sobre todo a pintura vitoriana e tamén o impresionismo francés. Neste filme tomei tamén plena consciencia da importancia capital do decorado, o vestiario e o atrezzo para acadar unha imaxe de calidade. O importante son os rostros dos actores, a dirección da luz, a cor e o contraste da luz, as cores e as formas que existen no decorado.

As dúas inglesas e o amor era un filme de época pero como recoñecemos a época en concreto? Grazas á pintura que a perpetúa. Ao estudar esa pintura un decátase de que as cores puras apenas existían. E non só por un problema de *parti-pris* dos pintores, senón que probablemente a técnica na preparación dos pigmentos non facía posible outra cousa. Os pintores permitíanse tan só unha nota violenta de cor nun conxunto máis ben uniforme. Por iso quixemos evitar as cores vivas, decantándonos por tons compostos intermedios: malvas, sienas, laranxas. Creio que se lle pides a un decorador e a un figurinista cores que non sexan primarias aproximámonos a unha certa realidade da época que nada ten que ver coas cores do vello Technicolor hollywoodense. Nese filme pedín, por vez primeira, que pasaran as teas brancas e as sabas por un baño de té, para atenuar o branco agresivo. Neste filme tiveron moito tempo para a rodaxe, máis de dez semanas, unha marxe considerable para o cinema francés. Truffaut estaba moi inspirado nos desprazamentos de cámara e visualmente deume todas as oportunidades.

As dúas inglesas... é un dos meus filmes preferidos pero tivo mala acollida de público. Para min é a primeira obra “caligráfica” de Truffaut, que logo prolongou en *Diario íntimo de Adèle H.* (1975), *A habitación verde* (1977) e *O último metro* (1980). Un cinema moi traballado, moi estilizado, que me permitiu refinamentos na iluminación e o encadre que non tiña practicado até a data. Alí ensaiei por vez primeira a iluminación de época con lámpadas de petróleo. Eu non quería que fosen só obxectos simbólicos senón que mantivesen a súa función principal de alumiar. No seu interior disimuláronse luces eléctricas cuxa forma e filamento permanecían imperceptibles, grazas ao vidro esmerilado.

Polo xeral non ilumino os fondos cunha luz distinta da que emprego cos meus personaxes, senón que me sirvo da mesma, é dicir emprego unha única luz. A técnica clásica de iluminar o rostro e despois o fondo por separado paréceme inoportuna. Se o decorado fica en penumbra, albíscase máis do que se ve, o espectador porá algo da súa parte, é activo, “fai” e mellora o decorado.

Publicado en *Días de una cámara* (Néstor Almendros, ECAM, 2026)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Días de una cámara,
Néstor Almendros.
ECAM, 2026